

ALONSO GIRGADO, LUÍS e Laura PIÑEIRO PAIS (2017) (eds.): *Cartas de Carlos Casares a Francisco Fernández del Riego*. Santiago de Compostela: Follas Novas, 60 pp.

Aínda que aparentemente é moita a distancia que pode separar a Luís Alonso Gigardo de Laura Piñeiro Pais en canto se refire á distancia xeracional, porén, teñen en común o seu constante traballo dentro do campo dos estudos literarios e, neste sentido, ambos os dous, o primeiro deles xa cunha traxectoria consagrada, forman parte do equipo de investigadores ligados ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Eles mesmos foron os encargados de editaren a obra *Cartas de Carlos Casares a Francisco Fernández del Riego*, que semella reveladora para afondarmos desde outra perspectiva na figura dun dos intelectuais máis importantes do século XX e a quen no presente ano lle foi dedicado o Día das Letras Galegas.

Así, e –tal como se indica na “Nota de edición” que encabeza o libro– grazas á cesión da correspondencia persoal do autor por parte da Fundación Carlos Casares e da Biblioteca Penzol, púidose levar a cabo a publicación desta obra epistolar por parte da editorial Follas Novas, na que se reúne un compendio de 19 cartas, datadas entre os anos 1966 e 1990, nas que se mostran, principalmente, os pasos iniciais de Casares na súa faceta de narrador.

Deste xeito, cabe destacarmos a importancia que supón propiamente a publicación deste tipo de obras correspondentes ao xénero epistolar, xa que nos poden proporcionar datos adicionais interesantes á hora de completarmos e entendermos, tanto a figura dunha determinada personalidade, ou a súa relación cos demais, como incluso a nosa historia literaria, cultural e aínda política.

Por iso mesmo, a obra non só nos revela a andadura dun Casares que está preparando ao longo desas décadas as obras de *Vento ferido*

ou de *Cambio en tres*, senón que destas cartas, nas súas palabras, poden deducirse certas circunstancias que implican mudanzas no círculo persoal do autor, tal como sinala na parte final desta obra o profesor e escritor Luís Cochón (pp. 53-55).

En canto á estrutura desta edición, a obra está organizada en tres partes diferenciadas. A primeira delas, como sinalabamos, está formada pola “Nota de edición”. A segunda parte, denominada “Cartas”, está constituída, como se pode deducir, polo conxunto de cartas debidamente anotadas con información complementaria que axuda ao lector a despexar certas dúbidas que poden xurdir ao longo da súa lectura. Ao mesmo tempo, as cartas están expostas desde a máis antiga ata a máis recente delas e, en certas ocasións, a edición contempla o facsímile da carta editada. Neste sentido, botamos en falta que a edición non contemple os facsimilares de todas as cartas, xa que consideramos que a obra ficaría moito máis completa; porén, descoñecemos os motivos de por que só tres cartas son as que van acompañadas do facsímile.

Por último, a terceira parte está composta polo “Epílogo”, escrito como mencionabamos antes polo profesor Cochón, no que fai un breve comentario sobre a serie epistolar previamente exposta.

En definitiva, e aínda que a obra parece mostrarse para un público xa iniciado na historia da literatura galega, ao longo das 60 páxinas que forman as *Cartas de Carlos Casares a Francisco Fernández del Riego*, podemos coñecer as circunstancias vitais polas que o escritor e o seu entorno pasaron ao longo destas case tres décadas. Por isto mesmo, debemos felicitar a iniciativa dos autores polo seu traballo de

recompilar e anotar na presente edición esta serie epistolar de 19 cartas, certamente relevantes

para completar e dar luz sobre estoutro capítulo da nosa historia literaria.

Paula COUSILLAS PENA  
Universidad Complutense de Madrid  
paulacou@ucm.es